

A C T A 6/2020
SESIÓN ORDINARIA PLENO MUNICIPAL
- 1 DE XULLO DE 2020 -

Na Casa do Concello, a un de xullo de dous mil vinte, reúnen-se en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que se relacionan a continuación, baixo a presidencia do sr. alcalde, D. Rafael C. Sisto Edreira, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

ASISTENTES:

Alcalde:

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

Concelleiros/as:

D.^a Iria Otero Romero
D. Xosé Ignacio Iglesias Villar
D.^a María López Álvarez
D. José Manuel Guerra Calvelo
D. Antonio Reyes Sánchez Crespo
D.^a María Vázquez Rey
D.^a María Dolores Nariño Facal
D.^a María Teresa Castro Framil
D.^a Lucía Calvo de la Uz
D.^a Margarita Rosende Domínguez
D.^a Uxía Lemus de la Iglesia
D.^a María Josefa Argibay da Silva
D. José Manuel Elías Noya
D. Manuel Anxo Fernández Baz
D.^a Carmen Diéguez González

Non asiste, previa escusa:

D. Roberto Moñino Gil

Secretaría xeral:

D.^a Virginia Fraga Díaz

Interventora:

D.^a Mónica I. Lado Varela

ORDE DO DÍA:

- 1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS DE 26.02.20, 09.03.20, 03.06.20 E 15.06.20**
- 2.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (DA 440/2020 Á 575/2020)**
- 3.- DACIÓN DE CONTA DA LIQUIDACIÓN DO EXERCICIO 2019**
- 4.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN SOBRE OS REPAROS FORMULADOS NO EXERCICIO 2019**
- 5.- PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN INICIAL DO SUPLEMENTO DE CRÉDITO (SC 01/2020)**
- 6.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN INICIAL DO PLAN MUNICIPAL DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS DO CONCELLO DE TEO**
- 7.- DITAME DA DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO CONCELLO DE TEO POLO DÍA DA DIVERSIDADE SEXUAL**
- 8.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE SONDETEO SOBRE A MONARQUÍA**
- 9.- MOCIÓNS**
- 10.- ROGOS E PREGUNTAS**

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, o sr. alcalde, sendo as vinte horas, declara público e aberto o acto, aclarando que, pese a data do Pleno, trátase do ordinario do mes de xuño.

Desculpa o sr. alcalde a ausencia do concelleiro do PSdeG-PSOE, D. Roberto Moñino Gil, procedéndose a continuación a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS DE 26.02.20, 09.03.20, 03.06.20 E 15.06.20.

Acta da sesión ordinaria do 26 de febreiro de 2020

O sr. alcalde pregúntalle aos/ás sres/as.

concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o 26 de febreiro de 2020.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

Acta da sesión extraordinaria do 9 de marzo de 2020

O sr. alcalde pregúntalle aos/ás sres/as. concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión extraordinaria celebrada o 9 de marzo de 2020.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

Acta da sesión ordinaria do 3 de xuño de 2020

O sr. alcalde pregúntalle aos/ás sres/as. concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o 3 de xuño de 2020.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

Acta da sesión extraordinaria do 15 de xuño de 2020

O sr. alcalde pregúntalle aos/ás sres/as. concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión extraordinaria celebrada o 15 de xuño de 2020.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

2.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA (DA 440/2020 Á 575/2020).

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía ditadas dende o día 29 de maio ata o 25 de xuño de 2020, que comprenden os números 440 ao 575, indicando o sr. alcalde que estiveron a disposición de todos os membros da Corporación.

O Pleno da Corporación dáse por enterado.

3.- DACIÓN DE CONTA DA LIQUIDACIÓN DO EXERCICIO 2019.

O sr. alcalde da conta dos resultados da liquidación do exercicio 2019, segundo o documento incorporado ao expediente, de 2 de xuño de 2020, que se reproduce a continuación.

“DACIÓN DE CONTA

Rafael Sisto Edreira, Alcalde do Concello de Teo, en cumprimento do disposto no artigo 193.4 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, TRLRFL.

DOU CONTA ao Pleno da Corporación dos resultados da Liquidación do exercicio 2019, có seguinte resumo:

1.-RESULTADO ORZAMENTARIO

1.-RESULTADO ORZAMENTARIO NON FINANCEIRO

a) operacións correntes

DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	12.711.751,20
-OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	10.876.589,89
RESULTADO ORZAMENTARIO 1	1.835.161,31

b) outras operacións non financieras.

DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	780.301,95
-OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	2797.843,63
RESULTADO ORZAMENTARIO 2	-2.017.541,68

Resultado Orzamentario Non Financeiro(1+2).....-182.380,37€

2.-RESULTADO ORZAMENTARIO FINANCEIRO

a) activos financeiros

DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	0.00
-OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	0.00
RESULTADO ORZAMENTARIO F.3	0.00

b) pasivos financeiros

DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	47.702,39
-OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	504.885,99
RESULTADO ORZAMENTARIO F.4	-457.183,60

Resultado Orzamentario Financeiro(3+4).....-457.183,60€

RESULTADO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO 2019.....-639.563,97€

Axustes:

- 1.-Desviacións imputables **negativas (+).....779.421,23€**
- 2.-Desviacións imputables **positivas (-).....35.678,68€**
- 3.-Modificacións de crédito financiadas con RLTX, fase O.....0,00€

RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO EXERCICIO 2019	104.178,58€
---	--------------------

2.-REMANENTE DE TESOURERÍA

1. (+) FONDOS LÍQUIDOS		1.368.806,11
2. (+) DEREITOS PENDENTES DE COBRO		3.805.642,34
(+) del Presupuesto corriente	783.655,82	
(+) de Presupuestos cerrados	2.639.501,97	
(+) de operaciones no presupuestarias	382.484,55	
(-) cobros realizados pendientes de aplicación definitiva	18231,11	
3. (-) OBRIGAS PENDENTES DE PAGO		1.819.663,48
(+) do Presupuesto corriente	1.246.181,19	
(+) do Presupuestos cerrados	284.299,48	
(+) de operaciones no presupuestarias	289.182,81	
(-) pagos realizados pendientes de aplicación definitiva	217.712,90	
REMANENTE DE TESOURERÍA TOTAL (1 + 2 - 3)		3.554.266,76
SALDOS DE DUBIDOSO COBRO(-)		1.478.160,60

REMANENTE DE TESOURERÍA GFA (-)		31.285,38
REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS (RTT-RTGFA)		2.044.820,78

3.-AFORRO NETO E NIVEL DE ENDEBEDAMENTO

AFORRO BRUTO E NETO LIQUIDACION 2019

CAP ING	DRN
1	4.051.766,27
2	106.198,06
3	3.089.190,01
4	5.464.596,86
5	0,00
TOTAL	12.711.751,20

CAP GAS	ORN
1	4.715.949,53
2	5.618.154,72
4	539.684,10
TOTAL	10.873.788,35

AB	1.837.962,85
ATA	581.643,25
AN	1.256.319,60

DEBEDA VIVA A 31/12/2019	4.195.110,54
DEREITOS CORRENTES LIQUIDADOS	12.711.751,20
% ENDEBEDAMENTO	0,3300

4.- ESTABILIDADE ORZAMENTARIA, REGRA DE GASTO E LIMITE DE DEBEDA:

Estabilidade orzamentaria: incumprimento

Regla de gasto: cumprimento

Sostenibilidade financeira: cumprimento

Teo, 2 de xuño de 2020.

O alcalde

Rafael Sisto Edreira”

O Pleno da Corporación dáse por enterado.

4.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN SOBRE OS REPAROS FORMULADOS NO EXERCICIO 2019.

O sr. alcalde da conta do informe de intervención sobre os reparos formulados no exercicio 2019, segundo o documento incorporado ao expediente, de 2 de xuño de 2020, que se reproduce a continuación, que estivo a disposición de todos/as os/as concelleiros/as da Corporación.

“DACION DE CONTA

En cumprimento do disposto no artigo 2.3 da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de seguido dáse conta ao Pleno da Corporación do informe de intervención emitido en relación cós informes de reparo formulados durante o exercicio 2019:

INFORME DE INTERVENCIÓN

ASUNTO: SOBRE OS REPAROS FORMULADOS NO EXERCICIO 2019

O presente informe emítase en cumprimento do artigo 218 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, segundo o cal: “ O órgano interventor elevará informe ó Pleno de tódalas Resolúcións adoptadas polo Presidente da Entidade contrarias ós reparos efectuados, así como un resumo das principais anomalías en materia de ingresos”

Por outra parte, o artigo 2º apartado 3º da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local ordea á intervención municipal a dar conta ao Pleno da Corporación, como punto independente na orde do día, das resolúcións da Alcaldía contrarias aos reparos efectuados e das anomalías en materia de ingresos, podendo o Alcalde aportar informe xustificativo da súa actuación.

Igualmente se debe remitir dita información ao Consello de Contas.

1.-Informes desfavorables formulados e resolúcións da Alcaldía que resoven as discrepancias:

Reparo 01/2019.-Resolucion da Alcaldía de data 13/02/2019 . sobre inexistencia de contratos administrativos de servizos varios, contratos menores sucesivos e facturas sen proposta de gasto previa.
IMPORTE REPARADO:105.779.88€

Reparo 02/2019.-Resolución da Alcaldía de data 11/03/2019.Sobre facturas sen proposta de gasto previa. .IMPORTE REPARADO: 210.044,40€

Reparo 03/2019.- Resolución da Alcaldía de data 12/04/2019. Sobre ausencia de expediente de contratación ou contrato menor sucesivo . Facturas sen proposta de gasto previa.IMPORTE REPARADO:108.956,50€

Reparo 04/2019.-Resolución da Alcaldía de data 10/05/2019. Sobre ausencia de expediente de contratación ou contrato menor sucesivo. Facturas se proposta de gasto previa.IMPORTE REPARADO:105.500,00€

Reparo 05/2019.- Resolución da Alcaldía de data 26/06/2019. Sobre ausencia de expediente de contratación ou contrato menor sucesivo. Facturas sen proposta de gasto previa. IMPORTE REPARADO:179.112,05€

Reparo 06/2019.- Resolución da Alcaldía de data 16/07/2019 . Sobre ausencia de expediente de contratación ou contrato menor sucesivo. Facturas sen proposta de gasto previa.IMPORTE REPARADO: 105.250,00€

Reparo 07/2019.- Resolución da Alcaldía de data 13/09/2019-sobre ausencia de expediente de contratación servizo. Facturas sen proposta de gasto previa.IMPORTE REPARADO:215.681,42€

Reparo 08/2019.- Reslución da Alcaldía de data 18/10/2019.- Facturas sen proposta de gasto previa.Ausencia de contratos, contrato menor sucesivo.IMPORTE REPARADO:86.895,72€

Reparo 09/2019.-Resolución da Alcaldía de data 13/11/2019. Facturas sen proposta de gasto previa.Ausencia de contratos, contrato menor sucesivo.IMPORTE REPARADO:36.469,01€

Reparo 10/2019.- Resolución da Alcaldía de data 10/12/2019.-sobre ausencia de expediente de contratación ou contratos menores sucesivos, servizos. Facturas sen proposta de gasto previa. IMPORTE REPARADO: 33.687,46€

Reparo 11/2019.-Resolución da Alcaldía de data 20/12/2019.-Facturas sen proposta de gasto previa. Ausencia de contratación ou contrato menor sucesivo.IMPORTE REPARADO: 45.650,00€

Reparo 12/2019.-Resolución da Alcaldía de data 30/12/2019.- Sobre ausencia de expediente de contratación e contrato menor sucesivo.Facturas sen proposta de gasto previa.IMPORTE REPARADO: 50.250,00€

Reparo 13/2019.-Resolución da Alcaldía de data 30/12/2019 .- Sobre ausencia de expediente de contratación e contrato menor sucesivo.Facturas sen proposta de gasto previa.IMPORTE REPARADO: 105.200,00€

Nota: as resolucións da Alcaldía e acordos plenarios que levantan os reparos anteriores aproban as facturas baseándose na teoría do enriquecemento inxusto (xurisprudencia do tribunal supremo)

2.-OUTRAS CUESTIONS:

Informes mensuais das nóminas.- por irregularidades deterctadas nas nóminas dalgúns traballadores municipais e por devengar de acordo regulador e convenio colectivo informados xa desfavorablemente por Secretaría e Intervención. O recoñecemento e pago das nominas aprobouse mediante Resolución de Alcaldía cada mes.

Debido a imposibilidade material por elevada carga de traballo no departamento, se produxo omision de fiscalizacion na fase O nos expedientes de convocatorias de subvencions de educacion, deportes, igualdade e veciñais.

3.-ANOMALÍAS EN MATERIA DE INGRESOS:

-Non se está a recadar en vía executiva a tasa por abastecemento de auga, sumidoiros e depuración; permañece paralizada dende o exercicio 2012.

Isto é canto ten a ben informar a funcionaria que suscribe.

Teo, 1 de xuño de 2020.

A INTERVENTORA

Mónica Lado Varela

Teo, 2 de xuño de 2020.
O alcalde

Rafael Sisto Edreira”

O Pleno da Corporación dáse por enterado.

5.- PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN INICIAL DO SUPLEMENTO DE CRÉDITO (SC 01/2020).

O sr. alcalde sinala que, tal e como se explicou na Comisión Informativa, para efectuar esta proposta facía falla ter aprobada a liquidación, para coñecer o importe do remanente de tesourería para gastos xerais, polo que no foi posible sometela a Comisión Informativa, resultando polo tanto preciso ratificar a inclusión do asunto na orde do día.

Sometida a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda ratificar a inclusión do asunto na orde do día, de acordo cos artigos 82.3 e 97.2 do ROF e 31.2 do ROM.

O sr. alcalde da conta da proposición da alcaldía do 23 de xuño de 2020, que se recolle a continuación.

“PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA

O Pleno do concello de Teo aprobou na sesión extraordinaria urxente celebrada o 17 de xullo de 2017, *“a participación do Concello de Teo e aceptar expresamente o procedemento regulado polo Real Decreto 616/2017, do 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do Programa operativo FEDER de crecemento sustentable 2014-2020 (BOE nº 144, do 17 de xuño de 2016).*

Considerando que polas Resolucións do Director Xeral do IDAE que abaixo se detallan, formuladas no contexto do Real decreto 616/2017, de 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do Programa Operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020, aprobáronse as propostas polo importe que se cita:

Núm. Prox. IDAE	Título	Investimento total	Subvención máx. concedida	Contribución municipal
FEDER-EELL 2019-000855	Senda peonil e ciclista nas parroquias de centro-sur (fase1)	966.545,20€	773.236,16€	193.309,04€

FEDER-EELL 2019-000854	Senda peonil e ciclista nas parroquias de centro-sur (fase2)	967.209,40€	773.767,52€	193.441,88€
FEDER-EELL 2019-000853	Senda peonil e ciclista nas parroquias de centro-sur (fase3)	356.200,50€	284.960,40€	71.239,60€
FEDER-EELL 2019-000852	Camiños escolares seguros e accesibilidade universal (fase1)	949.500,00€	759.600,00€	189.900,00€
		3.239.455,10€	2.591.564,08€	647.890,52 €

Os gastos derivados desta subvención que se concretan na contribución municipal do 20% do total do investimento non están contemplados no orzamento vixente prorrogado do exercicio 2019, sendo gastos que non poden demorarse ata o seguinte exercicio posto que as bases da convocatoria estipulan que no prazo máximo de seis meses dende a notificación da resolución da concesión da axuda o concello beneficiario deberá acreditar ter iniciado a tramitación dos procedementos de contratación das obras.

Consecuentemente, ademais de xerar crédito por importe da subvención, é necesario realizar unha modificación do orzamento vixente que incorpore un suplemento de crédito de 647.890,52€ con cargo ao Remanente líquido de tesourería para gastos xerais (RLTGX), aprobado por resolución da Alcaldía do 2 de xuño de 2020 por importe de 2.044.820,78€, incorporándose nos orzamentos a seguinte partida:

Prog.	Econ.	Descrición	Importe
134	61900	Outras inversións de reposición de infraestruturas e bens uso xeral. Plan FEDER-POCS 2014-2020	3.239.455,10€
134		Mobilidade urbana	3.239.455,10€

Tomando como base esta exposición de motivos, propónse ao Pleno a aprobación do seguinte

ACORDO

Primeiro.- Aprobar inicialmente o Expediente de Modificación de créditos baixo a modalidade de suplemento de crédito, consistente en incorporar na partida 134/61900 un importe de 647.890,52 € con cargo ao RLTGX.

Segundo.- Expoñer o citado expediente ao público por prazo de quince días, por medio de edito no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, coa finalidade de que as persoas e entidades interesadas poidan presentar as reclamacións que xulguen oportunas, de conformidade có disposto o artigo 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de

marzo. De non presentarse reclamacións en prazo, o expediente entenderase aprobado definitivamente, e será inxerido no Boletín Oficial da Provincia”.

Teo, a 23 de xuño de 2020

Asdo.: Rafael C. Sisto Edreira”

Aberta a primeira quenda de intervencións, o portavoz do BNG, sr. Fernández, amosa o apoio do seu grupo, engadindo que esta modificación é necesaria que para facer estas obras tan importantes, que xa lles tardan, e necesarias para Teo como son as sendas peonís ciclistas e os camiños escolares seguros.

Intervén a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, quen anuncia o apoio do seu grupo.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen pregunta onde son as sendas.

O sr. alcalde explica que están definidas no centro-sur do Concello, engadindo que nos proxectos terán que concretarse.

O sr. Guerra pregunta se ten que destinarse a isto especificamente.

O sr. alcalde resposta que si, porque a petición era para un proxecto e había que xustificar a redución da produción de CO2.

Os/as concelleiros/as non fan uso da segunda quenda de intervencións.

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (4 Son de Teo, 3 PSdeG-PSOE, 7 PP e 2 BNG), acorda:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o Expediente de Modificación de créditos baixo a modalidade de suplemento de crédito, consistente en incorporar na partida 134/61900 un importe de 647.890,52 € con cargo ao RLTX.

Segundo.- Expoñer o citado expediente ao público por prazo de quince días, por medio de edito no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, coa finalidade de que as persoas e entidades interesadas poidan presentar as reclamacións que xulguen oportunas, de conformidade có disposto o artigo 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo. De non presentarse reclamacións en prazo, o expediente entenderase aprobado definitivamente, e será inxerido no Boletín Oficial da Provincia”.

Sendo as vinte horas e dez minutos, abandona o Salón de Plenos a interventora municipal, D.^a Mónica I. Lado Varela.

6.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN INICIAL DO PLAN MUNICIPAL DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS DO CONCELLO DE TEO.

O sr. alcalde da conta da proposta de 18 de xuño de 2020, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de persoal, comunicación, normalización lingüística, mocidade e medio natural do 25 de xuño de 2020.

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Aprobación do Plan Municipal de prevención e defensa contra incendios forestais do Concello de Teo

En setembro de 2018 o Concello de Teo adheriuse ao convenio de colaboración suscrito entre a Xunta de Galicia, a FEGAMP (Federación galega de Municipios e provincias) e a SEAGA (Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos SA), en materia de prevención e defensa contra incendios forestais para o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias.

Froito desa colaboración, en marzo de 2020 a Dirección Xeral de Defensa do Monte da Consellería de Medio Rural, remitiu ao Concello de Teo o “Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais do Concello de Teo”, elaborado pola SEAGA.

Contrastado o Plan coa información dispoñible a nivel municipal, en maio deste mesmo ano solicítase á Consellería o informe preceptivo e vinculante sobre o devandito “Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais do concello de Teo” elaborado pola SEAGA.

O 27 de maio de 2020 o Subdirector xeral de Prevención da Dirección Xeral de defensa do monte da Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia, asina o Informe favorable ao “Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais do concello de Teo” redactado pola SEAGA

De acordo co exposto, propónse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o “Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais do concello de Teo”, de maio de 2019, elaborado pola SEAGA e informado favorablemente pola Dirección Xeral de defensa do monte da Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia.

Segundo.- Expoñer ao público o citado “Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais do concello de Teo”, por un período de 20 días para a presentación de alegacións, mediante publicación de anuncio no BOP, na páxina web municipal e na sede electrónica, computándose o prazo a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio no BOP. No caso de que non se presenten alegacións, o “Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais do Concello de Teo” considerarase aprobado definitivamente”.

O sr. alcalde explica que, aínda que se trata dunha obriga legal, moi poucos concellos estaban a facer o Plan de prevención contra incendios, ata que a Fiscalía empezou a lembrar aos alcaldes a obriga de redactar os plans en cuestión, o que supuxo que a FEGAMP interviñese, que se chegase a un acordo co Seaga e así en setembro do ano 2018 o Concello de Teo adheriuse ao Convenio de colaboración entra a Xunta, a Fegamp e o Seaga para a redacción deste plan.

Explica que se remitiu ao Concello unha primeira versión, que foi valorada polo departamento de urbanismo, con algunha corrección en relación coa delimitación do solo e demais. Mandaron unha segunda versión, remitiuse para a súa aprobación pola Consellaría competente e agora lle corresponde ao Concello aprobala.

Salienta o sr. alcalde que o Plan está moi orientado as faixas de protección de núcleos, non tanto á protección de casas illadas, engadindo que dende o Seaga trasladan que este é un primeiro paso e que pretenden incorporar ao visor todas as faixas e as delimitacións correspondentes das vivendas individualizadas.

Sinala que o que ten maior virtualidade é ese visor, que vai a ser de acceso público á poboación, para determinar en que medida lle afecta, que vai a ser unha axuda para todo o proceso.

O sr. alcalde aclara que quede pendente o de inundacións, que pretende avanzarse no vindeiro curso.

Aberta a primeira quenda de intervencións, o portavoz do BNG, sr. Fernández, amosa o apoio do seu grupo. Pide que nos traballos que se fagan se teña en conta, na medida do posible, ás empresas do Concello, porque houbo queixas no senso de que viña unha empresa de fora, e todo o que se poida facer para dinamizar a economía local é importante.

Intervén a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, quen anuncia o apoio do seu grupo.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen anuncia o apoio do seu grupo, engadindo que está de acordo co que dixo o sr. Fernández en canto á necesidade de dar traballo ás empresas locais.

O sr. alcalde sinala que despois da identificación que fixo o Seaga das parroquias con maior risco de incendios, so entraron as de Cacheiras e Calo, que foi nas que os propietarios puideron acollerse a que o Seaga limpase ese terreos, a un prezo moi

competitivo, engadindo que a desgracia foi que moitas outras persoas doutras parroquias non o puideran utilizar.

Sinala que esa contratación a fixo o Seaga e se falou con eles para que puideran acudir a empresas locais e ese foi o seu compromiso, supoñendo que o farán.

Os/as concelleiros/as non fan uso da segunda quenda de intervencións.

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (4 Son de Teo, 3 PSdeG-PSOE, 7 PP e 2 BNG), acorda:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o “Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais do concello de Teo”, de maio de 2019, elaborado pola SEAGA e informado favorablemente pola Dirección Xeral de defensa do monte da Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia.

Segundo.- Expoñer ao público o citado “Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais do concello de Teo”, por un período de 20 días para a presentación de alegacións, mediante publicación de anuncio no BOP, na páxina web municipal e na sede electrónica, computándose o prazo a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio no BOP. No caso de que non se presenten alegacións, o “Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais do Concello de Teo” considerarase aprobado definitivamente.

7.- DITAME DA DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO CONCELLO DE TEO POLO DÍA DA DIVERSIDADE SEXUAL.

O sr. alcalde cede a palabra á concelleira de mobilidade, comercio, turismo, emprego e igualdade, D.^a Iria Otero Romero.

A sra. Otero da conta da declaración institucional do Concello de Teo polo día da diversidade sexual, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola

Comisión Informativa de benestar social, igualdade, transportes, turismo, comercio e emprego de 25 de xuño de 2020.

“DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO CONCELLO DE TEO POLO DÍA DA DIVERSIDADE SEXUAL

A lexislación internacional sobre dereitos humanos e múltiples tratados internacionais consagran a igualdade como un principio xurídico fundamental e universal.

A propia Declaración Universal dos Dereitos Humanos, establece que «toda persoa ten os dereitos e as liberdades proclamados nesta declaración, sen ningunha distinción de raza, cor, sexo, idioma, relixión, opinión política ou de calquera outra índole, orixe nacional ou social, posición económica, nacemento ou calquera outra condición»,

O Estatuto de autonomía de Galiza recolle no seu artigo 4.2 os principios de liberdade e igualdade e indica a obriga que corresponde aos poderes públicos de «promover as condicións para que a liberdade e a igualdade das persoas e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivas, remover os atrancos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación da cidadanía galega na vida política, económica, cultural e social».

Como parte deste compromiso coa igualdade de trato e de oportunidades, un ano máis, esta corporación municipal únese ás conmemoracións do Día Internacional do Orgullo LGTBiQ+.

O 28 de xuño, en lembranza aos disturbios de Stonewall (Nueva York), celébrase o recoñecemento formal dos dereitos das persoas lesbianas, gais, bisexuais, transexuais, intersexuais fundamentado en valores universais e democráticos como a igualdade, o respecto, a diversidade ou a liberdade. Recoñecemos as medidas que dende diferentes ámbitos se veñen producindo para apoiar ás vítimas ou para modificar actitudes. Mais somos conscientes de que a meta non está acadada e polo tanto seguimos comprometidas co desenvolvemento e implementación de políticas e servizos públicos velando por unha garantía de igualdade efectiva con independencia da súa orientación sexual e identidade de xénero, como elemento esencial para a convivencia e o desenvolvemento social.

Polo arriba exposto, propónse ao Pleno da corporación, aprobar a seguinte Declaración Institucional, reafirmándonos nos compromisos incluídas nela.

DECLARACIÓN

- O Concello de Teo súmase ás voces que claman por un futuro en igualdade de todas as persoas ao marxe da súa identidade sexual e/ou de xénero e da súa orientación sexual.
- Reafirmamos o noso compromiso cos dereitos humanos e, en consecuencia, coa diversidade sexual, así como da non discriminación das persoas pola súa orientación sexual ou identidade de xénero, rechazando e condenando todo comportamento contrario a estes dereitos.
- Constatamos a necesidade de invertir en políticas en favor da non discriminación das persoas pola súa orientación sexual ou identidade de xénero a través do desenvolvemento de programas e proxectos de atención, información, formación, sensibilización e concienciación”.

Preguntado polo sr. alcalde, os/as concelleiros/as dos diferente grupos non fan uso das súas quendas de intervención.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (4 Son de Teo, 3 PSdeG-PSOE, 7 PP e 2 BNG), acorda:

- **O Concello de Teo súmase ás voces que claman por un futuro en igualdade de todas as persoas ao marxe da súa identidade sexual e/ou de xénero e da súa orientación sexual.**
- **Reafirmamos o noso compromiso cos dereitos humanos e, en consecuencia, coa diversidade sexual, así como da non discriminación das persoas pola súa orientación sexual ou identidade de xénero, rechazando e condenando todo comportamento contrario a estes dereitos.**
- **Constatamos a necesidade de invertir en políticas en favor da non discriminación das persoas pola súa orientación sexual ou identidade de xénero a través do desenvolvemento de programas e proxectos de atención, información, formación, sensibilización e concienciación.**

8.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE SONDETEO SOBRE A MONARQUÍA.

O sr. alcalde cede a palabra á concelleira de mobilidade, comercio, turismo, emprego e igualdade, D.^a Iria Otero Romero.

A sra. Otero da conta da conta da moción do seu grupo de 18 de xuño de 2020, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de administración, cultura, educación, seguridade cidadá, participación veciñal e deportes de 25 de xuño de 2020.

“MOCIÓN

Pleno ordinario do mes de xuño de 2020

A monarquía española foi unha herdanza directa do franquismo político e económico mediante a que se controlou o lento proceso de democratización do Estado español no período coñecido como da transición. Obrigada a decidir entre ditadura ou monarquía, a cidadanía do Estado asumiu como propia unha institución que, disfrazada de modernidade, aproveitou para enriquecerse dun modo semellante ao que xa utilizaran os seus predecesores na dinastía borbónica un século atrás, e que determinara a súa abdicación e exilio.

Hoxe, corenta anos despois, as comisionadas millonarias ilegais, as propiedades ocultas en paraísos fiscais, os escándalos económicos de toda a familia, o enriquecemento a costa da cidadanía, os cada vez máis evidentes pero aínda supostos delitos, xunto cunha pertinaz obstinación para non permitir unha investigación, son só algunhas das noticias que caracterizaron á monarquía española nos últimos anos.

Na actualidade nada mudou, e trala abdicación e renuncia á actividade pública de Juan Carlos I, o rei emérito segue a gozar dun especial estatus financiado cos Orzamentos Xerais do Estado.

A nosa sociedade amosa cada vez máis dúbidas sobre un sistema que leva décadas sen render contas completas ao pobo no que reside a soberanía do Estado. A herdanza recibida por Felipe VI tampouco permitiu unha maior transparencia e o actual rei e a súa familia seguen gozando duns privilexios adquiridos por sangue. O único mérito valorado para exercer a xefatura do Estado é ser fillo de quen é, unha herdanza

irrenunciable por ser a única que o “lexitima” no poder. Por iso cremos que chegou o momento de dicir basta:

Consecuentemente, propoñemos ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

1. Apoiar á reclamación de distintas forzas políticas do Congreso dos Deputados para realizar unha investigación sobre as actuacións do rei emérito trala súa abdicación en relación coas posibles comisións recibidas en procesos de adxudicación de obras.
2. Reclamar do rei emérito a devolución de calquera ingreso recibido como consecuencia de procesos de adxudicación de obras
3. Reclamar á Presidencia do Goberno a celebración dun referendo vinculante para que a cidadanía do Estado Español poida decidir entre Monarquía ou República a forma de Estado que desexa.
4. Trasladar este acordo á Presidencia do Congreso dos Deputados, á Presidencia do Goberno español e á Casa Real”.

Aberta a primeira quenda de intervencións, o portavoz do BNG, sr. Fernández, di que entende que esta moción vai na liña da campaña iniciada por *en comú podem*, porque máis ou menos coincide con esa campaña. Salienta que o BNG, como forza política claramente rupturista dende o principio de todo, consideraba que a única forma de mellorar ou crear realmente unha democracia no estado español era a través dunha ruptura co que significou a ditadura franquista. Explica o sr. Fernández que a Monarquía é unha institución que ven da ditadura e é a que representa ese continuísmo, esa parte fundamental desa reforma pactada do ano 1978, que se concreta na Constitución. Sinala que están de acordo co contido da moción e unha vez máis poñen de manifesto o que concretaron naquel manifesto “*non temos rei*”, asinado en febreiro deste ano con outras forzas soberanistas do estado español, no que ían moito máis ala e apostaban por unha república galega.

Salienta o sr. Fernández que son unha forza política demócrata con principios ben claros, cos valores ben claros do que é ser demócrata e polo tanto son republicanos e

nunca monárquicos porque para un demócrata o que non se entende é o mantemento da figura das monarquías.

Intervén a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, quen anuncia a abstención do seu grupo, explicando que, con independencia das consideracións que puidera ter o seu grupo municipal respecto dalgúns aspectos que se comentan, o foro de debate debe ser outro, porque non é cousa do Concello, e sendo unha declaración política o seu grupo se pode abster sen caer en ningún tipo de contradición con nada.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen lle cede a palabra á concelleira do seu grupo D.^a María Vázquez Rey.

A sra. Vázquez di que consideran que se trata dun tema no que o Pleno do Concello de Teo non ten competencia e ademais está a creación da Comisión de investigación que xa foi rexeitada polo Congreso dos Deputados. En relación co punto dous sinala que xa está sendo investigado e cando se saiban os resultados a responsabilidade civil que poida existir a terá que determinar outro órgano que non é o Pleno do Concello.

Sinala que tratándose do referendo require un cambio constitucional que tampouco é competencia do Concello de Teo, polo que o seu grupo vai a votar en contra.

Intervén a sra. Otero quen sinala que, entende perfectamente que se fale de competencias municipais, porén eles falan de “reclamar” e “facer traslado”, xa que dende as Corporacións municipais se pode dar o chamamento a cumprir determinadas responsabilidades noutro tipo de Administracións.

Salienta a sra. Otero que traen a moción non so pola campaña que se dixo senón porque o 27 de xuño se conmemora a primeira república galega, razón pola que se escolla esta data para facer a presentación da moción.

Aberta a segunda quenda de intervencións, o portavoz do BNG, sr. Fernández, sinala que estaría ben que iso se dixera inicialmente, porque esta ben lembrar esas datas que son importantes e que a xente descoñece.

A portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, e a concelleira do PP, sra. Vázquez, non fan uso da segunda quenda de intervención.

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con seis votos a favor (4 Son de Teo e 2 BNG), sete en contra (7 PP) e tres abstencións (3 PSdeG-PSOE), acorda rexeitar a moción de Son de Teo, do 18 de xuño de 2020.

9.- MOCIÓNS.

Antes de entrar no punto décimo da orde do día relativo a rogos e preguntas, o sr. alcalde, de conformidade co previsto no artigo 91.4 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, e no artigo 33 do Regulamento orgánico, pregunta se algún grupo municipal quere presentar algunha moción de urxencia, sen que se presente ningunha polos grupos municipais.

10.- ROGOS E PREGUNTAS.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO BNG.

O/a concelleiro/a do BNG, formulan os/as seguintes rogos e preguntas:

1.- O sr. Fernández comenta que o primeiro rogo ten a ver coa rúa Loureiros, nos Tilos, onde un veciño solicita máis prazas para persoas con mobilidade limitada. Sinala que habería que ver en que lugar se poden poñer.

2.- Di o sr. Fernández que se vai a referir a unha cuestión xeral que afecta a todo o Concello. Sinala que, por exemplo, en Fornelos 49 as estradas están bastante mal e hai unha fochanca, e por exemplo en Augas Mansas, na estrada que vén do Sisto, tamén hai unha que leva meses, e, polo menos, habería que recheala, porque é perigosísimo, sobre todo cando chove, porque está tapada ca auga e non se ve, engadindo que iso pode provocar un accidente e provocar danos nos vehículos.

Pide o sr. Fernández que, en xeral, se revisen, na medida en que se poida, todas as pistas, as estradas do Concello de titularidade municipal, para ir tapando eses buratos máis perigosos.

3.- A sra. Diéguez sinala que, falando de fochancas, acaba de ir a Trasellas e a pista que sobe dende a estrada que ven de Rarís está totalmente desfeita. Sinala que polo lado dereito non se pode andar, engadindo que de feito subiu polo lado esquerdo.

Sinala a sra. Diéguez que no Aido tamén hai varias pistas que están moi desfeitas, ao igual que ocorre en Noceda. Considera que ao mellor era cuestión de arranxar toda a aldea, de acondicionar todas as pistas de toda a aldea, porque está totalmente desfeita.

4.- Refírese a sra. Diéguez a un piñeiro que hai nos Verxeis que se está inclinando perigosamente enriba da estrada. Sinala que está destrozando a farola, que é nunha finca particular, e que supón que os propietarios xa cortaron e deixaron ese, quizais, porque lles resultaba difícil.

A sra. Lemus aclara que está pendente de Fenosa.

A sra. Diéguez di que ela non sabe, pero o caso é que está bastante inclinado.

5.- Di a sra. Diéguez que outra cousa que quería remarcar é a sinalización da autovía nos Verxeis, engadindo que aínda que supón que non é competencia do Concello debe reclamalo a quen lle corresponda. Explica que na rotonda en catro camiños hai unha sinalización pero logo ao chegar aos Verxeis non hai ningunha. Salienta a sra. Diéguez que hai moitas persoas que se perden aí, porque chegan arriba preguntando por onde teñen que ir para coller a autovía, engadindo que todos os anos se atopa con alguén nesta situación.

Di a sra. Diéguez que ten algunha cuestión máis pero non atopa onde a ten anotada, polo que, se iso, máis tarde pide a palabra de novo.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO PSdeG-PSOE.

Os/as concelleiros/as do PSdeG-PSOE non formulan ningún rogo nin pregunta.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO PP.

Os/as concelleiros/as do PP formulan os/as seguintes rogos e preguntas:

1.- O sr. Guerra sinala que en Cachóns, Oza, os veciños piden que se lle dea solución ao alcantarillado, entre a casa da Xunqueira, entre o número 21 e o 25 ca estrada xeral, e máis o asfaltado da pista, que está en mal estado.

2.- Sinala o sr. Guerra que en Nespereira, Luou, tal e como xa se falou máis veces no Pleno, o camiño que entra no núcleo da aldea, que baixa da casa de Mari Carmen, está deplorable.

3.- Sinala o sr. Guerra que o outro día estivo en Buela, Rarís, e lle dixeron que do número 3 ao 14 tamén hai uns baches, e do 3 ao 6 uns baches que están inundados polo rego do corgo que hai alí, engadindo que están sempre, en verán e en inverno. Sinala que corrixindo e arranxando o rego aquel seguramente se lle saque a auga e se poida bachear.

4.- Sinala o sr. Guerra que tratándose de Vilar, Teo, cree que xa chamaron os veciños, porén no Concello se foi pasando a pelota duns a outros, e non foron atendidos, ou polo menos iso lle dixeron. Refírese o sr. Guerra a un problema de moscas que teñen alí, e sinala que eles non teñen conta do establo, porque o establo estivo alí permanente toda a vida, pero o problema que teñen é de invasión de moscas, engadindo que o ano pasado sulfataron e arranxouse. Solicita o sr. Guerra a ver se se pode falar coa propiedade e ver se se lle dá solución.

5.- Sinala o sr. Guerra que en Balcaide, Calo, cree que tamén chamaron ao Concello e non sabe que pasa con iso. Explica que no camiño da Lamela hai cartóns fóra dos contedores invadindo a estrada, e corren o risco de que unha moto ou coche se bote fóra da estrada e teña lugar un accidente.

O sr. alcalde explica que a xestión da recollida do cartón está en precario, e se vai a licitar. Sinala que, tratándose do cartón, non foi un problema só alí, senón que se trata dun problema xeralizado. A baixada do prezo do cartón foi moi importante nos últimos anos, chegou ao 50%, e entón a empresa non quería recoller máis. O pasado luns houbo unha reunión e a raíz de aí parece que se notou a melloría, que se vai a acelerar o proceso e se lle vai retribuír de forma en que se poida repoñer o equilibrio económico, co cal espera que a partir de agora o tema do cartón quede solucionado.

6.- Sinala o sr. Guerra que en Cacheiras, no número 85, non hai ningún problema, pero hai unha finca ao lado que está invadida de maleza. Sinala que descoñece quen é o propietario e pide que se fale con el, que se mande limpar, porque hai culebras, ratas, etc, tal e como xa se comentou noutra ocasión no Pleno.

7.- O sr. Guerra sinala que en Lucí, Chaves, preguntan os veciños cando se vai a asfaltar.

A sra. Lemus sinala que está nun POS, que se vai a asfaltar pero que agora mesmo non sabe exactamente cando.

O sr. Guerra comenta que entón lles dirá que está previsto e pregunta se tamén está previsto cambiar as luminarias.

A sra. Lemus resposta que se está tentando facer pouco a pouco.

8.- O sr. Guerra sinala que en Mouromorto, Calo, a pista que vai á área recreativa, da cal xa falou noutras ocasións, está nun estado deplorable, e están pedindo que se poñan dous puntos de luz, xa que só hai un e os rapaces polo inverno, cando van á parada a coller o autobús, teñen que ir alumeando cos teléfonos.

9.- Sinala o sr. Guerra que en Noceda, Teo, hai unha señora que vive na casa 16 e quere que se lle limpen os camiños que circundan a súa casa.

10.- Sinala o sr. Guerra que a estrada de Santa Marta está intransitable e pregunta cando se vai facer.

A sra. Lemus sinala que está pendente de adxudicar.

11.- O sr. Guerra di que a asociación de veciños de Oza, onde el naceu, pásaronlle tres ou catro puntiños, sinalando que vai a proceder a dar lectura a un texto que lle facilitaron, nos termos seguintes:

“1º.- Na casa antiga escola masculina, o tellado está en ruínas”. Aclara o sr. Guerra que xa o comentou el en tres Plenos, engadindo que dentro do Teleclub está chovendo.

“O tellado está nun estado deplorable e hai unha rama dunha árbore que move todo.

2º.- *O local da antiga escola de nenos, actualmente o chiringuito, o tellado está en ruínas, hai unha rama dun níspero encima, rozando o tellado. Hai moito tempo que o concello foi informado desta incidencia, pero “ni caso”.*

3º.- *O local da antiga escola, e actualmente onde teñan as Mulleres rurais a súa sede, hai ventás en ruínas. Antigamente tamén había un xardín, agora hai unha selva, nin cortan a herba, de pura pena.*

4º.- *O señor alcalde que realice un circuíto por todas as pistas de Bamonde, que non hai tantos quilómetros, e verá o estado lamentable. Hai que destacar a pista de Malfurado, en Tribaldes, Lamas, tamén en Tribaldes, no número 3, pista xeral, cerca dos carballos, fai máis de 6 meses hai un derrumbe na cuneta e xusto no número 25, casa de Ramona, hai unha taxea que irrumpe na estrada. Foi a policía local, púxolle unhas cintas e nunca se volveu alí.*

5º.- *Tamén na costa do reino, xunto a casa da Tía María e pista xeral, hai dúas farolas que están tapadas por ramas de robles. Manuel Otero foi ao Concello persoalmente, fai dez meses, e o atendeu a señora Uxía. Díxolle que si, que xa sabía onde estaba, pero parece que non encontrou o lugar.*

Teño máis cousas que explicar pero me temo que estou perdendo o tempo con este Concello.

6º.- *En definitiva, Bamonde non ten Concello para solucionar problemas, só para cobrar os impostos, logo din que vaíamos os veciños ao rural. Ja, ja, ja. Estou jodido con este Concello, terían que cambiar moito pero teño as miñas dúbidas, ogalla me equivoque”*

O sr. Guerra aclara que o traduciu directamente, porque llo escribiron en castelán.

O sr. Guerra segue lendo o escrito en cuestión, nos termos seguintes:

7º.- *A última vez que nos visitou o señor alcalde, antes das últimas eleccións municipais, recordo escoitalle que os veciños tiñamos que avisar ao Concello cando houbera algunha incidencia na parroquia. Eu pensei, ten razón o señor alcalde, e máis dixo que o Concello non pode estar informado de todas as cousas que pasan. Pero resulta que cando chamamos por algunha anomalía, si, si, si, pero o resultado é non,*

non, non. Só boas palabras. Bamonde olvidada sr. alcalde”.

12.- A concdelleira do PP, sra. Vázquez, sinala que ten tres puntos que expoñer. Pregunta se hai maneira de solucionar o tema da iluminación da ponte bic en Pontevea, engadindo que parece ser que se falou e se dixera que si, pero segue sen ter a iluminación. Sinala a sra. Vázquez que llo volveron a preguntar esta semana e que o comenta para que se teña en conta e se se lles poida dicir algo.

A sra. Lemus explica que se está buscando unha iluminación porque a que orzamentaron era propoñendo a existente pero a verdade é que non acababa de convencer. Explica que se falou con patrimonio e tampouco lles convence moito a existente porque vai colgada da ponte nova, engadindo que se está falando, que ían a pasar un orzamento con iluminación a través dos postes, aproveitando os postes, de tal forma que non faga tanto impacto visual. Reitera a sra. Lemus que a patrimonio non lles gustaba moito a idea que o Concello tiña ao principio.

13.- A sra. Vázquez pregúntalle ao sr. Elías pola estrada na que se arranxaron os baches que vai de Xermeade a Olveira e Vilariño, porque lle din que volve a ter baches. A sra. Vázquez aclara que o di para que se teña en conta, por se pode ter algún outro tipo de arranxo máis en condicións, porque a verdade é que agora non verán cabe esperar que non sigan abrindo moito, pero nun deles coa choiva que houbo aí abriu e ela persoalmente pensou que libraba, non librou e pinchou a roda aí, e coma a ela pódelle pasar a máis xente. Reitera que o di simplemente para que se teña en conta que volveron a saír baches noutro sitio e por se pode ter algún tipo de arranxo.

14.- Refírese a sra. Vázquez á estrada que vai en Lampai da Silva cara Carcacía. Sinala que ela xa o comentara, no Pleno de outubro ou novembro, porque se asfaltara na Silva a estrada pero a sinal de límite de Concello de Teo está moito máis abaixo, o Concello de Padrón asfaltou por Carcacía ata o límite onde está a sinal de Teo pero en Teo parouse antes de chegar aí, e de feito ten un bache a estrada. Entende a sra. Vázquez que é parte de Teo chegar ata a sinal do límite, engadindo que ese tramo está sen asfaltar, non sabe exactamente cantos metros, pero se trata dun tramo pequeno. Sinala que xusto onde acaban as casas da Silva aínda queda un tramo ata que se entra no concello de Padrón, engadindo que o bache está xusto nunha curva.

A sra. Lemus sinala que se mirará.

15.- A sra. Nariño pregunta se se están a facer as tarefas de desinfección dos parques infantís aos que si se pode ter acceso, porque logo de que houbera esa controversia, que parecía que se podía acceder aos parques, que estaban valados inicialmente, a xente accedeu o luns, e logo non se podía, e volvéronse a valar, pero os que si están abertos quere crer que foron desinfectados. Pregunta que tarefas de desinfección se fan polo tema do COVID.

O sr. alcalde di que se fai media hora diaria de desinfección.

A sra. Nariño pregunta en que horario, se ó final do día ou cando.

O sr. alcalde di que depende, que é un tema un pouco complicada. Explica que prefiren facelo ao mediodía porque consideran que é adecuado. É certo que se xoga un pouco coa dispoñibilidade da xente, pero tamén aconteceu nalgúns sitios en que se acabou de desinfectar e entraron nenos a xogar, entón tamén é un problema porque ou se deixa unha protección para que durante 5 ou 10 minutos non se use o parque, ou é un jaleo. O sr. alcalde salienta que o dos parques é moi complicado porque no fondo é un paripé, porque ou se desinfecta despois de que pase cada rapaz ou non vale de nada, pero dentro desa normativa que está en vigor e demais estase facendo iso. Explica o sr. alcalde que na maioría se está facendo a partir da última hora da tarde ou a primeira da mañá, para precisamente evitar iso que comentaba, que andiveran os nenos por riba da lixivia. Sinala que a parte do que se lle estaba facendo ademais agora tamén se vai cun aspresor porque os tobogáns altos, coma o de aquí da Ramallosa, para a xente da limpeza é máis complicado.

A sra. Nariño pregunta se se fai de Luns a Venres.

O sr. alcalde resposta que agora si, engadindo que despois de agosto manterase toda a fin de semana porque agora neste momento non hai servizo de fin de semana.

O concelleiro de Son de Teo, sr. Iglesias, sinala que de todos xeitos lle gustaría facer un comentario. Explica que neste momento hai unhas áreas deportivas abertas, tres ou catro, e hai outras que están pechadas, que se lle puxeron carteis indicando esa circunstancia de que esas áreas están pechadas e a xente fai caso omiso ós mesmos.

Sinala que, por exemplo, no que está enriba da autopista o outro día pasou el pola autopista e viu xente arriba, e esa área está pechada. Salia o sr. Iglesias que é imposible controlar todas as áreas deportivas a un tempo, engadindo que se poñen carteis, péchanse, pero logo a xente fai caso omiso das advertencias, e aí si que xa non hai moito que facer.

16.- A concelleira do PP, sra. Rosende, sinala que se puxo en contacto con eles un veciño da Travesía de Cacheiras, o da ferretería o Cravo, que presentou por rexistro un escrito, fai maña un mes, solicitando unhas melloras para alí, porque non ten onde aparcar para os seus clientes e quéixase porque di que pagou a licenza coma os demais, e fai unhas propostas, que supón que xa as verían.

O sr. alcalde di que si, que o viron.

A sra. Rosende pregunta se se pode tomar algunha medida.

o sr. alcalde di que o problema é que esa é unha estrada da Xunta.

A sra. Rosende sinala que, tal e di o veciño, as xestións coa Xunta terá que facelas o Concello.

O sr. alcalde di que o que pasa é que, se se lembran fora obra do enxeñeiro, que precisamente vive nos Tilos, que puxera as prazas esas de aparcar marcha atrás que ninguén entendía ao principio. O sr. alcalde di que teñen claro que non lle van permitir unha praza de aparcamento, engadindo que a proposta que fai dende o punto de vista de seguridade é absolutamente inviable, polo que non se lle vai a pedir á Xunta algo que desde un punto de vista de seguridade non se pode.

A sr. Rosende di que pide por exemplo cambiar os contedores de sitio, para xerar dúas prazas de aparcamento.

O sr. alcalde di que o do cambio dos contedores non é un problema.

A sra. Rosende di que xa sería un avance.

O sr. alcalde di que fala no escrito dunha propiedade que ten o do supermercado, que non deixa aparcar coches, e que o dono da ferretería pensa que é pública.

A sra. Rosende di que esa franxa é de dominio público.

A sra. Lemus sinala que a franxa de diante do supermercado é privada, non está sinalizada de aparcamento pola Xunta. Falouse co enxeñeiro o ano pasado, e dende a Xunta consideraban que é unha zona non de aparcamento, non se pode aparcarse pegado a un paso de peóns, senón que é unha zona de paso para unha zona privada, porque iso non está cedido, nin está expropiado. É terreo privado, do propio supermercado.

A sra. Rosende di que no escrito pon que non é privado, que se informou no servizo técnico de urbanismo.

A sra. Lemus explica que ela falou con el varias veces e xa lle dixo que era privado, o problema que ten el é que quere que se lle poñan unhas prazas de aparcamento despois do paso de peóns cara a estrada da Xunta.

A sra. Rosende di que ese paso de peóns que está enfronte ao restaurante que hai alí tamén é moi perigoso.

A sra. Lemus di que o señor pide varias cousas e algunhas xa se levaron á Xunta o ano pasado, outra vez que se foi á reunión co enxeñeiro. Salia que a última reunión que houbo coa Xunta, pola estrada esta, foi porque ao lado da pulpería de María vai haber un negocio de venda de coches, se lle permitiu unha entrada, un acceso de 25 metros, con vado, por parte da Xunta. Explica que houbo que falar con eles para dicirlles que iso era imposible, é dicir, se se meten vinte e cinco metros sácanse todas as prazas de aparcamento.

Explica a sra. Lemus que a idea da Xunta sempre é que nesa estrada teñen que desaparecer todas as prazas de aparcamento, que non van a permitir máis prazas, e así cada vez que fan algún pintado intentan mellorar a seguridade, e iso si que é verdade, e unha das cousas que piden sempre é que o carril central de incorporación dende o cemiterio que se reduza.

A sra. Rosende di que se elimine.

A sra. Lemus sinala que nese xiro non é preocupante para eles e que o permiten.

Sinala que non coñece o escrito, pero que non pasa nada, que se lle pasa outra vez á Xunta. Entende todas as súas necesidades como comercio, pero que hai que mirar un pouco máis alá pola seguridade vial. Pode entender a sra. Lemus que, por exemplo, cando foi o da actividade de compravenda de coches fora o de Portugalicia o que comentara que pensaba que estaban facendo unha obra e polo que lle din ten permiso para un vado de 25 metros, e entón entende que aí si que hai marxe, pero hai certas cousas nas que non hai marxe na Xunta porque non opinan, e teñen as súas normas, para ben, ou para mal. Aclara a sra. Lemus que é verdade que entende a preocupación polo aparcamento pero alí moito máis non se lle pode facer.

A sra. Rosende di que alí o tema é que non é saír cunha bolsa de pan na man, saen con sacos, etc, cargados, entón faille perder clientes, porque ao mellor teñen que aparcar alí arriba, e xa pasan de ir, e buscaba unha solución. A sra. Rosende di que o señor di que non vai ir á Xunta, que terán que xestionarullo dende o Concello,

A sra. Lemus di que xa se xestionou varias veces, quen non é que de repente aparecera isto agora, senón que leva como mínimo tres anos pedindo, e algunha cousa, todas non, se levaron á Xunta.

Explica a sra. Lemus que cando apareceu a idea de reducir os carrís houbo un momento no que a Xunta quería cargarse todos os xiros á esquerda, que se se facía dende o lado este da estrada, o Concello estaba en contra e eles argumentaban que os xiros que se podían facer por exemplo dende o cemiterio de Cacheiras non era preocupantes.

A sra. Rosende di que si que é preocupante, porque se ves do cemiterio e hai coches aparcados, non se ven os coches que veñen de abaixo.

A sra. Lemus di que si, pero que para a Xunta non é preocupante. Explica que hai un inspector, un vixiante de estradas, que ten en conta os criterios que ten que ter en conta a Xunta, e que o Concello non pode valorar, aínda que pode non estar de acordo, os criterios, porque son os titulares da estrada.

A sra. Lemus opina que o señor ten un problema, que ten difícil solución, engadindo que non é a primeira vez, senón que leva tres anos co mesmo asunto e mandáronse

varios escritos á Xunta, que sempre foron denegados e nunca se lle fixo caso. Así coma noutras veces si que accederon dende a Xunta, neste caso sempre se lles dixo que non, que eles eran partidarios nesa travesía de quitar os vehículos nesa zona sobre todo de aparcamento.

A sra. Rosende di quen entón hai un malentendido cando el pon que preguntou no Concello polo tema do aparcamento e que lle dixeron que era público.

A sra. Lemus di que entendería mal, pero esa parte é privada. Explica que el recoñece que chamou moitas veces á policía, e a policía vai alí e claramente é privado, non hai nin unha soa denuncia porque é a súa propiedade privada e el determina quen aparca.

O sr. alcalde di que en todo caso que intente facer peticións doutra forma, porque alí hai unha praza moi estreita e pide que se reduza a aceira, e ir con ese papel en concreto a ningún sitio pedindo que se reduza a aceira non lle parece axeitado.

A sra. Rosende di que pide retirar as bandas oblicuas pintadas no chan en todo o trazado que limitan as prazas de aparcamento.

A sra. Lemus di que en todo caso si que é verdade que hai que comentalo, porque non está aquí presente e ademais foi unha persoa que loitou moito, e hai que agradecerllo, foi o sr. Francos, que foi a moitas reunións e moitas en Coruña por ese tema, e ao mellor todo isto que di tanto a xente de “si, si, si”, pode ser que si, pode ser unha pésima dirixente, pero Xurxo intentouno de todas as formas posibles.

17.- A sra. Rosende di que quere volver ó tema do carteliño da auga. Diríxese ao sr. Elías e pregunta se se lles pasou, porque fai un mes, e se trata dunha auga que non é potable, e a xente bebe alí.

O sr. Elías di que non foi a buscar aínda o análise de Pontevea.

18.- A sra. Rosende sinala que a estrada de Vilar de Calo, de enfrente a frutas Barreiro, está nun estado lamentable.

A sra. Lemus sinala que está orzamentada.

Co permiso da presidencia, a concelleira do BNG, sra. Diéguez comenta que o cruceiro

de Rarís, o que está alí onde a Igrexa, ten unha greta, engadindo que so quería comentalo porque sería conveniente facer un estudo de se corre perigo e tomar medidas antes de que sexa tarde.

O sr. alcalde di que aproveitando a circunstancia informa de que por fin chegou o permiso de Patrimonio do cruceiro de Oza.

19.- O concelleiro do PP, sr. Sánchez, di que as tres ou catro cuestións que trae son a colación do consello escolar que tivo lugar onte no Instituto de Cacheiras. Salia que en primeiro lugar quería trasladar a protección civil un agradecemento por parte do IES. Explica que lle fixeron saber que estaban agradecidos pola labor que fixeron durante a época de confinamento e el comprometeuse a explicalo hoxe no Pleno para que quedase constancia, trasladar ao goberno local e tamén para que quede constancia na acta do plenaria.

Explica o sr. Sánchez que durante o consello escolar comentáronse como non pode ser doutra forma, varias cuestións, e entre outras falouse tanto por parte do profesorado como por parte dos pais, da época de confinamento e cadaquén expresou situacións que non foran doadas. O concelleiro do PP pide perdón, por se se tomou unha excesiva licenza, engadindo que se permitiu a licenza de felicitar e agradecer o traballo dos docentes e da paciencia dos pais en nome de toda a Corporación.

O sr. Sánchez sinala que, dito isto, quere plantexar dúas cuestións. A primeira falando das previsións que teñen de cara a limpeza, pensando xa no vindeiro curso, falouse das previsións económicas, e xusto nese momento preguntaron se por parte do Concello había algunha previsión para, de cara ó vindeiro curso, labores de cara o COVID, en xeral, non soamente de limpeza.

Explica o sr. Sánchez que lles dixo que o descoñecía pero que imaxinaba que no que afectaba especialmente á limpeza considerando que é competencia do Concello que non habería ningún problema por apoiar todo o que fose.

A concelleira do PSdeG-PSOE, sra. Argibay, sinala que o Concello non é competente.

O sr. Sánchez sinala que o mantemento é competencia do Concello.

O sr. alcalde di que a limpeza do cole está asumida pola Xunta, nos centros de primaria é do Concello, e no IES é da Xunta, en todo caso que fagan unha proposta máis concreta porque terían en todo caso que ser complementaria.

O sr. Sánchez di que lles dixo que imaxinaba que tratándose desta cuestión non habería problema sempre e cando a aportación fose asumible por parte do Concello.

O sr. Sánchez sinala que onte no Concello escolar a dirección do centro quería actualizar o baremo para o transporte, é dicir, quería levar ao proxecto educativo o baremo que ven establecido polas últimas instrucións da Xunta. Basicamente o que querían era facer cumprir a normativa do baremo que consta no proxecto educativo. Como non podía ser doutra maneira saíu o tema do transporte, que xa se ten traído a este Pleno e cuxa moción precisamente se aprobou no Pleno do mes pasado. Sinala o sr. Sánchez que explicaron que de cara ao vindeiro curso o problema a priori non é grande, que realmente aínda está por saber cantos alumnos necesitarían de transporte en bacharelato, porque os prazos neste curso están retrasados para todo e aínda non se sabe con precisión cantos van ser os alumnos que cursen bacharelato.

Explica o sr. Sánchez que dicían, en primeiro lugar, que podería darse a circunstancia de que nin sequera fose necesario aplicar o baremo, é dicir, que houbera máis oferta de prazas de transporte que demanda, pero que no caso de haber máis demanda que prazas, que a demanda case sempre é cativa. É dicir, estaban falando de moi poucos alumnos.

Entón como sempre, pregan que en certa medida se puidera dar certa seguridade para que eses poucos alumnos que no hipotético caso de que puideran quedar sen prazas de transporte, pois que o Concello puidese colaborar dalgunha forma.

O sr. Sánchez sinala que el lles dixo que entendía que tratándose neses termos, considerando que o montante económico non fose excesivamente elevado, pois que confiaba, aínda que loxicamente non puido dicir nada máis, que confiaba que por parte do goberno local se tivese a sensibilidade para procurar argallar unha solución, e eles ademais pedían que, na medida do posible, a medida que se tomara tivese certa continuidade no tempo.

Aclara o sr. Sánchez que simplemente quería trasladalo para facer o que corresponda.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as vinte e unha horas, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria, dou fe.

O alcalde

A secretaria

Rafael C. Sisto Edreira

Virginia Fraga Díaz